

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE AGOSTO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:10 horas do día 7 de agosto de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 3 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. David Regades Fernández
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 6a)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 8a e 9b)
D. Luis García Álvarez (asiste aos puntos 8b, 9b e 10a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 26 de xullo de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta da sesión do 2 de agosto de 2017

Apróbase a acta da sesión do 2 de agosto de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D^a. Susana García Álvarez e D^a. Catalina Alfayate Rodríguez.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación do 3 de agosto de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

- EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
- EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:17	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A64F-E3E55E-EF5E89-GEUVQ9-1EW1XB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- INTEGRA MXSI CEE, S.L.
- SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL)

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 3 de agosto de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

- b) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) (informe sobre C e proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo tesoureiro municipal o 4 de agosto de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación, e entrégase na propia sesión o informe de data 7 de agosto, que rectifica o anterior.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321) (informe sobre B)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 3 de agosto de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

- b) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) (informe sobre C e proposta de clasificación)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo tesoureiro municipal o 7 de agosto de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

- a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:17	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A64F-E3E55E-EF5E89-GEUVQ9-1EW1XB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) na seguinte orde descendente:

LICITADORA	TOTAL
SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI)	96,36
UTE, ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, SA Y RECERCA I DESENVOLUPAMENT EMPRESARIAL, S.L. (AL)	82,43
COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, S.A. (CGI)	76,42
GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A. (GTT)	75,92
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN, S.L.	66,73

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.991,45 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adjudicación

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)**

Este asunto non se trata por non ter presentado a documentación o licitador clasificado en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:17	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A64F-E3E55E-EF5E89-GEUVQ9-1EW1XB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

primeiro lugar mor dun erro na notificación do acordo de clasificación, que atrasou o prazo de presentación da documentación.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:17	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A64F-E3E55E-EF5E89-GEUVQ9-1EW1XB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		